



Fundación Fernando  
Blanco de Lema



## **BECAS - PREMIO FERNANDO BLANCO** **CURSO 2022 - 2023**

A Fundación Fernando Blanco de Lema e o I.E.S. Fernando Blanco de Cee convocan as **BECAS-PREMIO FERNANDO BLANCO** correspondentes ao **CURSO 2022-2023**.

### **BASES**

1) Entregaranse un total de 5 becas - premio destinadas aos mellores expedientes académicos dos seguintes cursos:

- 3º da E.S.O.
- 1º de Bacharelato
- 1º de Ciclo Medio
- 1º de Ciclo Superior
- 1º de F. P. Básica

2) Os/As alumnos/as que opten a estas becas - premio deberán ter todas as materias ou módulos formativos aprobados en xuño, cunha nota media mínima de 8,5. Para iso expedirase un certificado da media aritmética na secretaría do centro, coa confirmación de ser a máis alta do curso correspondente.

3) Será requisito imprescindible para acadar as becas - premio o matricularse no curso seguinte correspondente no I.E.S. Fernando Blanco de Cee.

4) Non poderá ser merecedor/a da Beca – Premio ningún alumno/a que sexa considerado/a responsable dunha conduta contraria á convivencia.

5) Os casos de empate entre os mellores expedientes dun mesmo curso resolveranse do seguinte xeito:

-5.1. En primeiro lugar, comparárase a nota media final ata o 4º decimal.

-5.2. No caso dos cursos de 3º da E.S.O. e 1º de Bacharelato, se persistise o empate, comprobarase a nota media final do curso inmediatamente anterior. É dicir, se houbose empate na nota media final dos alumnos de 3º da E.S.O, comprobaríase a nota media final dos

mesmos alumnos en 2º da E.S.O. E, do mesmo xeito, no caso de empate na nota media final dos alumnos de 1º de Bacharelato, comprobaríase a nota media final dos mesmos alumnos en 4º da E.S.O.

-5.3. No caso do Ciclos Formativos de Formación Profesional, a nota media obtida multiplicarase polo coeficiente resultante de dividir o número de horas dos módulos formativos cursados entre as horas totais de todos os módulos formativos dese curso.

A igual nota media, terá prioridade o/a alumno/a que teña máis horas cursadas.

-5.4. Por último, e no caso de seguir persistindo dito empate, recorreríase ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que estea en vigor no momento da concesión das becas - premio.

6) No suposto caso de que nalgún curso a beca - premio quedase vacante por non acadarse a nota media final mínima esixida (8,5), resolverase da seguinte maneira:

-6.1. Se queda vacante a beca - premio de 3º da E.S.O., entregaríase a mesma ao mellor expediente do curso de 2º da E.S.O, ou 1º da E.S.O. en caso de non haber ningún candidato en 2º da E.S.O., sempre e cando se acade a nota media final mínima (8,5).

-6.2. Se queda vacante a beca - premio de 1º de Bacharelato, entregaríase a mesma ao mellor expediente do curso de 4º da E.S.O, sempre e cando se acade a nota media final mínima (8,5).

-6.3. Se queda vacante a beca - premio de 1º de F. P. Básica, entregaríase a mesma ao mellor expediente do Módulo II da E.P.A (coa condición de que o/a alumno/a estea matriculado/a nun mínimo de dous ámbitos, e se matricule no III módulo no seguinte curso), sempre e cando se acade a nota media final mínima (8,5).

-6.4. Se quedase vacante a beca – premio de 1º de Ciclo Medio, entregaríanse dúas becas – premio en 1º de Ciclo Superior (aos dous mellores expedientes, sempre que se acade a media final mínima de 8,5).

-6.5. Se quedase vacante a beca – premio de 1º de Ciclo Superior, entregaríanse dúas becas – premio en 1º de Ciclo Medio (sempre que se acade a nota media final mínima de 8,5).

-6.6. Por último, e no caso de non poder concederse algunha das becas – premio por non cumprirse o anterior, esa beca – premio sería acumulable ás outras catro, de tal maneira que se lle concedería á seguinte mellor nota de tódolos cursos que optan a estes galardóns.

7) Cada unha das becas - premio estará valorada en 500 € (parte en metálico e parte en vales de compra). Os premiados dispoñerán de un mes desde a entrega dos premios para consumir estes vales.

8) A entrega das becas - premio celebrarase no mes de outubro de 2023, no lugar e horario que decida a Fundación Fernando Blanco de Lema.